



PREPARACIÓN DAS PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2 E NIVEL 3

O Concello de A Lama, en colaboración coa Asociación Rexurdir, organiza un curso preparatorio das probas de competencia clave de nivel 2 (dirixido a aquelas persoas que non están en posesión da ESO ou equivalente) e nivel 3 (dirixido a aquelas persoas que non están en posesión do título de bacharelato ou equivalente), e que actualmente son requisito de acceso aos novos certificados de profesionalidade.

Dito curso é **completamente gratuíto e contará con servizo de conciliación familiar** durante as horas que dure o curso.

O servizo de conciliación familiar consiste na posibilidade de que os fillos/as das persoas que asisten ao curso, que non teñan con quen deixalos durante esas horas, queden ao coidado dunha persoa cualificada, para que o alumno/a poida asistir ao curso.

O curso dará comezo o 8 de outubro, dúas tardes á semana, catro horas cada día, e prolongarase ata que teñan lugar as probas de competencias clave, previsiblemente en maio de 2019.

Podes inscribirte ou obter mais información no teléfono 986 890 770 ou no correo electrónico rexurdirma@hotmail.com en horario de 9:00 a 14:00 ou no Centro de Información á Muller do Concello de A Lama, de luns a venres no mesmo horario.

A Lama, a 24 de setembro de 2018

O alcalde,

Jorge Canda Martínez